

Análise fonética e fonolóxica dos documentos inéditos do mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil (séc. xv)

Paula Bouzas
Universidade de Gotinga

RESUMO. O presente estudo baséase na edición obxecto da miña tese de doutoramento, que reúne os 116 documentos inéditos do mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil, elaborados ó longo do século XV por 12 notarios e escribas diferentes. O obxectivo deste artigo é ofrecer unha descrición das características fonéticas e fonolóxicas máis relevantes a partir da interpretación dos elementos gráficos presentes nos manuscritos. Centrarémonos en casos nos que se está a producir no romance algún tipo de evolución fonética ou fonolóxica: a confluencia de /β/ e /b/ nun mesmo fonema bilabial, o sistema de sibilantes, a evolución das vogais nasais resultantes da caída do [n] latino intervocálico e a evolución das secuencias [kwa] e [gwa].

Palabras chave: lingüística histórica, fonética e fonoloxía, galego baixomedieval.

ABSTRACT. This study builds on the editing work undertaken in my Dissertation, which includes the 116 unpublished documents of the monastery of Santo Estevo de Ribas de Sil, drafted during the 15th century by 12 different notaries and scribes. The goal of this article is to present a description of the most relevant phonetic and phonological features taking the interpretation of graphic elements present in the manuscripts as a base. The focus shall be on cases in which some phonetic or phonological evolution is happening in the Romance language: the confluence of /β/ and /b/ in the same bilabial phoneme, the sibilant system, the evolution of nasal vowels resulting from the dropping of the Latin inter-vowel [n] and the evolution of the sequences [kwa] and [gwa].

Keywords: historical linguistics, phonetics and phonology, Galician of the Late Middle-ages.

Data de recepción: 10-01-2012 Data de aceptación: 13-03-2012.

O PRESENTE estudo baséase na edición obxecto da miña tese de doutoramento¹, que reúne os 116 documentos inéditos do mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil, elaborados ó longo do século XV por 12 notarios e escribas diferentes². O obxectivo deste artigo é ofrecer unha descrición das características fonéticas e fonolóxicas máis relevantes a partir da interpretación dos elementos gráficos presentes nos manuscritos. Centrarémonos en casos nos que se está a producir no romance algún tipo de evolución fonética ou fonolóxica: a confluencia de /β/ e /b/ nun mesmo fonema bilabial, o sistema de sibilantes, a pervivencia das vogais nasais resultantes da caída do [n] latino intervocálico e a evolución das secuencias [kwa] e [gwa].

1. A GRAFÍA. VISIÓN DE CONXUNTO

Efectivamente, para coñecer a realidade fonética e fonolóxica que se agocha tras o texto resulta indispensable o estudo da grafía. No que respecta á nosa colección, pode afirmarse que en xeral hai unha notable homoxeneidade gráfica entre os documentos dos diferentes notarios. Os fenómenos de transferencia de valores entre determinadas unidades gráficas están presentes ó longo de toda a colección, sen que sexa posible atribuírlos a un notario ou grupo de notarios específicos. Pode afirmarse, xa que logo, que os usos gráficos responden a unha norma asumida; norma, iso si, que amosa unha certa flexibilidade nalgúns aspectos, como por exemplo o da representación das palatais (*fylos*) ou das oclusivas velares ante *e* ou *i*.

Na táboa 1 (*vid. Apéndice*) ofrécese unha descrición dos valores que presenta cada un dos grafos empregados nos textos³. Se se analiza esta táboa con atención, é posible observar que se produciu un intercambio de valores entre unhas unidades e outras. Isto é frecuente, sobre todo, cando se trata da representación de unidades fonolóxicas inexistentes no latín clásico, como no caso dos fonemas palatais, ou cando se está a producir no propio sistema galego unha evolución, como acontece no caso das sibilantes ou coa desaparición de oposición fonolóxica entre as bilabiais fricativa e oclusiva. A continuación analizarase devagar a alternancia gráfica nestes casos e a súa relación coas unidades do sistema fonético e fonolóxico.

¹ A tese *Edición e estudo dos manuscritos inéditos do mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil (século XV)*, dirixida polo Profesor Dr. D. Ramón Lorenzo, foi defendida o 27 de setembro de 2010 na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.

² En adiante, cada notario será nomeado coa letra N seguida dun número que indica a súa posición cronolóxica na lista (N1, N2, etc.). Os documentos feitos por un escriba son nomeados coa sinatura do notario que asina o documento, pero inclúen unha marca en forma de superíndice (N2').

³ As grafías <ã, ê, ï, ò, û> quedan fóra desta táboa, posto que consideramos aquí a existencia de dúas unidades gráficas distintas (Maure 2006: 154); por unha banda, un grafo que representa a unidade vocálica e, pola outra, un trazo sobreposto con carácter polivalente: por unha banda, pode indicar o trazo nasal da vogal correspondente (*bôa*) e, pola outra, a existencia dunha consoante nasal implosiva (*mâdo*). Un fenómeno diferente é, sen dúbida, o que se produce co grafo <ñ>, posto que non é posible neste caso atribuírle ó elemento sobreposto un determinado valor e, polo tanto, consideralo como unidade aillada (Maure 2006: 154-155).

2. CONFLUENCIA DOS FONEMAS BILABIAIS /β/ E /b/

Xa nos primeiros documentos da colección rexistramos frecuentes vacilacións no uso da grafía , que representaba en principio a consoante oclusiva, e as grafías <u> e <v>, en principio destinadas á representación da consoante fricativa. Esta vacilación prodúcese tanto en posición inicial, moitas veces dentro dun mesmo documento (*bos / vos, bosa / uosa, boz / voz*), coma en posición medial: *áruores* (1429) / *hárbores* (1430), *huuas / ubas* (1436), *nabal* (1407) / *naual* (1429), *tebo* (1428) / *teuo* (1430).

Na meirande parte destes casos, documéntase unha grafía en palabras que se corresponden etimoloxicamente cunha pronuncia fricativa. Nas seguintes táboas amosamos unha lista con este tipo de formas⁴, xunto coa frecuencia que presentan nas diferentes etapas e mais a correspondente porcentaxe de ocorrencias con . A primeira delas (a táboa 2) mostra os casos en posición inicial. Nela ponse de manifesto a baixa porcentaxe que representan aínda as variantes con :

	1400-1434		1435-1473		1474-1504		TOTAL	
	Ocorr.		Ocorr.		Ocorr.		Ocorr.	
<i>valla (vb. valer)</i>	21	0%	64	2%	36	6%	121	4%
<i>vender</i>	15	7%	81	12%	41	10%	137	11%
<i>vida</i>	30	0%	51	2%	26	0%	107	1%
<i>viña</i>	17	6%	125	5%	43	0%	185	3,5%
<i>viño</i>	9	0%	34	15%	5	0%	48	10%
<i>vosa(s) ~ voso(s)</i>	103	55,5%	373	2%	234	5%	710	11%
<i>vozes</i>	14	0%	232	41%	272	9%	518	23%
TOTAL	209	28%	960	13%	657	6,5%	1826	12,5%

No primeiro terzo apreciamos unicamente unha forte variación no caso da representación das formas do posesivo (*vosa(s) ~ voso(s)*). Esta forma presenta variación en todos os documentos do período, aínda que nos documentos de N2 tende a aparecer a variante con , mentres que nos do seu escribán tende a aparecer a grafía <v>. No segundo terzo, a variación afecta soamente a forma *vozes*. Esta variación percíbese nos documentos de N4 e responde a unha distribución cronolóxica: aínda que nos primeiros anos hai textos onde conviven as dúas variantes, dominan as variantes con <v>, mentres que a partir de 1448 se emprega preferentemente a grafía . Isto non se manifesta, no entanto, coas outras

⁴ Escolleuse como representativa a variante gráfica máis frecuente na nosa colección. No caso dos verbos, ademais, empregamos a forma de infinitivo para representar toda a conjugación. Na análise das ocorrencias tivéronse en conta, evidentemente, todas as posibilidades gráficas.

voces: as formas do verbo *vender* ou *viña* aparecen coa grafía repetidas veces xa en documentos anteriores (1437) deste notario.

No que respecta ós resultados en posición medial intervocálica (*vid.* táboa 3), a análise amosa algunhas diferenzas entre os diferentes períodos. No documentos do primeiro terzo, as porcentaxes de casos con son realmente moi baixas (podemos exceptuar a porcentaxe de aparición das formas *vbas* e *tebo*, pero trátase nos dous casos dunha única ocorrencia e este dato non resulta especialmente significativo). Nos textos do segundo terzo, os resultados varían moito en función da forma: algunhas palabras seguen a ser representadas maioritariamente (ou unicamente) por <v> ou <u> (como as formas dos verbos *haber*, *levar* e *ter*, así como *novo* e *servente*), mentres que outras (como *cavadura* e *uva*) son representadas maioritariamente con . No último terzo do século, as porcentaxes de aparición de variantes con aumentan lixeiramente e, ademais, esta convértese na grafía maioritaria para as formas do verbo *ter* e do adxectivo *servente*.

*Táboa 3. Alternancia <v>, <u> / . Formas con consoante bilabial en posición intervocálica, frecuencia en cada período e porcentaxe correspondente da variante con *

	1400-1434		1435-1473		1474-1504		TOTAL	
	Ocorr.		Ocorr.		Ocorr.		Ocorr.	
auer	46	17%	158	0%	128	17%	332	9%
cabadura			18	61%	3	33%	21	57%
Esteuño	3	0%	57	0%	83	24%	143	14%
leuar	3	0%	19	0%	14	43%	36	17%
nouo	35	6%	85	2%	18	39%	138	8%
seruente	12	0%	25	4%	36	69,5%	73	36%
<i>teber</i> (vb. <i>ter</i>)	2	50%	16	12,5%	29	96,5%	47	66%
<i>vbas</i>	1	100%	29	83%	2	100%	32	84,5%
TOTAL	102	12%	407	10%	313	29%	822	17,5%

A táboa 4 representa a situación tras consoante nasal implosiva. Neste caso, hai unha grande diferenza entre os períodos estudados. Nos documentos anteriores a 1474 as formas con son moi minoritarias, mentres que nos documentos do último terzo supoñen xa un 79% no caso de *convén* e un 91% no caso de *convento*:

*Táboa 4. Alternancia <v>, <u> / . Formas con consoante bilabial tras nasal implosiva, frecuencia en cada período e porcentaxe correspondente da variante con *

	1400-1434		1435-1473		1474-1504		TOTAL	
	Ocorr.		Ocorr.		Ocorr.		Ocorr.	
conuén	16	25%	33	0%	29	79%	78	34,5%
conuento	32	0%	118	2%	57	91%	207	26%
TOTAL	48	8%	151	1%	86	87%	285	28,5%

Por último, na táboa 5 amósanse os datos correspondentes á posición medial xunto con [r] en sílaba trabada. Nos documentos do primeiro terzo do século, hai unha forte alternancia: mentres que para *labrar* se rexistran preferentemente variantes con , esta opción é minoritaria (practicamente excepcional) cando se trata do adxectivo *libre*, que aparece escrito con <u> no 93% dos casos. No segundo terzo, as variantes gráficas con son as preferentes non só para *labrar* (unicamente hai un caso con <u>, dun total de 80), senón tamén, a diferenza do que acontecía nos documentos anteriores, para *libre*. Por último, os documentos posteriores a 1474 carecen de variantes con <v> ou <u>: todas as ocorrencias (69 para as formas do verbo *labrar* e 22 para o adxectivo *libre*) están escritas con .

*Táboa 5. Alternancia <v>, <u> / . Formas con consoante bilabial ante [r] en sílaba trabada, frecuencia en cada período e porcentaxe correspondente da variante con *

	1400-1434		1435-1473		1474-1504		TOTAL	
	<v> ~ <u>		<v> ~ <u>		<v> ~ <u>		<v> ~ <u>	
labrar	78	86%	80	99%	69	100%	227	95%
libre	15	7%	2	100%	22	100%	39	64%
TOTAL	93	73%	82	99%	91	100%	266	90%

En resumo, podemos enumerar unha serie de formas que, a pesar de presentaren etimoloxicamente unha consoante bilabial fricativa, son rexistradas xa nos primeiros textos con (como, por exemplo, os posesivos *vosa ~ voso*). Este tipo de grafía faise máis frecuente e mesmo, no caso dalgunhas formas, exclusiva no último terzo. A presenza de consolídase máis claramente cando se trata de formas que presentan a bilabial tras consoante nasal ou con [r] trabado.

Estes datos apoian, unha vez máis (Boullón / Monteagudo 2009: 47), a hipótese de que o proceso de desfonoloxización da oposición entre o par de consoantes tivera lugar durante a Idade Media e estaba no XV xa totalmente consolidado (Lorenzo 1993: 18).

3. EVOLUCIÓN DAS SIBILANTES

Con respecto ó estudo do sistema medieval de sibilantes no ámbito galego, a tese máis comunmente aceptada defende a existencia dunha dobre evolución, que consiste 1) na desfricación do par de predorsais e 2) na desonorización das consoantes sonoras (Lorenzo 1993: 18-26). Para analizar este proceso nos textos da época deberemos observar ata que punto se mantén (ou non) a distribución complementaria das grafías que tradicionalmente representaban os diferentes fonemas.


3.1. Serie apical

Na época trobadoresca, a oposición de sonoridade na serie apical resolvíase no plano gráfico mediante o uso das grafías <s> (para o elemento sonoro) e <ss> (para o elemento xordo). A confusión entre estas grafías é o único indicio no que podemos basearnos para documentar o proceso de enxordecemento das apicais sonoras. A análise permite detectar as seguintes tendencias:

- A aparición da grafía <ss> concéntranse nun número limitado de documentos (33 de 116).
- Estes documentos espállanse ó longo de todo o século, pero é posible ver tendencias claras en función do notario ou escribán. Variantes con <ss> rexístranse en todos os documentos de N2' e de N7. Ademais aparecen en moitos dos documentos de N2 (en 9 de 13), N8 (en 4 de 5) e N11 (en 4 de 5), así como nalgúns textos feitos por N4 (9 de 57), por N9 (2 de 5) e polo escribán ou escribáns de N10. Pola contra, non se documenta ningún caso nos documentos de N6, N10 e N12.
- Ademais, nos poucos documentos de N4 e N9 que presentan esta grafía, apréciase unha frecuencia moi baixa: trátase dunha soa ocorrencia por documento e de formas que, a pesar de corresponderse cunha pronuncia xorda (como *nosso* ou *así*), se rexistran maioritariamente con <s> nos documentos dos mesmos notarios.
- No caso de N4, esta grafía aparece ademais cun valor non etimolóxico na forma *pressentes*.
- Nos textos onde se rexistra frecuentemente a grafía <ss>, esta correspóndese efectivamente, na meirande parte dos casos, co resultado apical xordo en posición intervocálica: *assí, esse, nossas, passar, pessoas, podesse, suçessores, vassalo, vossas*, etc.
- Algunha destas formas, con todo, aparece no mesmo documento con <s>:

 *ss* vs. *s*; *ss* vs. *s* (doc. 11, de N2);

 *ss* vs. *s*; *ss* vs. *s* (doc. 15, de N2);

 *ss* vs. *s* (doc. 18, de N2);

 *ss* vs. *s* (doc. 81, de N8).

- Tamén se documentan ocorrencias de <ss> (77 de 197) a principio de palabra (*sseja, ssaber, ssanto*).
- A grafía <ss>, por último, ocorre así mesmo na representación de pronuncias primitivamente sonoras, aínda que só nos textos de determinados notarios ou cunha frecuencia en cada caso pouco significativa: *cassares* (8 de 18, todos nos documentos de N4), *coussas* (3 ocorrencias de 83, en documentos de N7 e N8), *pressente* (3 ocorrencias de 482, en documentos de N4 e N11), *vssso* (4 de 108, tamén en documentos de N4 e N11).

- Nos textos onde non se rexistra a grafía <ss>, as formas con consoante xorda etimolóxica presentan <s>: *así ~ asy* (N6, N12), *nosas* (N10), *noso* (N12), *posa* (N6), *posamos* (N12), *vosa* (N6, N12), etc.

A existencia de alternancia gráfica nos mesmos textos, así como o feito de que na maior parte dos documentos da colección (83 de 116) a grafía <ss> sexa inexistente lévanos a pensar, xunto con Costas (1999: 439), que esta grafía perdera o seu carácter opositivo e que, polo tanto, non existe xa oposición fonolóxica entre o primitivo par de apicais.

3.2. Serie predorsal

No que respecta á serie predorsodentoalveolar, o feito de se produciren dende moi antigo vacilacións nas grafías <ç> e <z> fixo que se dese por asentada dende moi cedo a confluencia dos correspondentes fonemas xordo e sonoro en favor do xordo. A inestabilidade gráfica, no entanto, non se percibe na documentación que nos ocupa, posto que en ningún caso se produce aquí vacilación no emprego de <ç> e <z>. Efectivamente, hai unha serie de palabras con alto índice de frecuencia que sistematicamente aparecen con <ç>: *alçado, Bouças, faça, façadas, graçia / graça, março, touçiño, vaçelo, etc.* Tamén presentan <ç> todos os substantivos rematados en *-ança / -ançia* e *-ença / -ençia* (*Costança, liçençia, paranças, teença* ou *ynorrançia*) e practicamente todos os substantivos acabados en *çón / çión* e en *-ço / -cio* (*condiçón, donaçión, geeraçón, jurdiçión, negoçio, ofiçio, preço / preçio, seruiço*). As únicas formas con <z> son as que deron resultados sonoros na lingua medieval: *júlzo* e *rrazón*.

Outro aspecto significativo é que a alternancia ou confluencia gráfica coas variantes de <s>, tan frecuente no caso de <z> (*vid. infra*), é realmente excepcional no caso de <ç> ~ <c>: unicamente se documenta unha vez a forma *sisa* en lugar da habitual *çisa* (en N9: 1480).

A vacilación gráfica, xa que logo, afecta fundamentalmente a grafía <z>, empregada tradicionalmente para representar tanto o resultado da predorsal sonora (*fazemos, vozes*) coma a predorsal en posición final, onde o trazo de sonoridade quedara neutralizado (*fiz, voz*). As formas correspondentes aparecen representadas na nosa colección por diferentes variantes que alternan ademais co sigma: a variante visigótica, unha variante simplificada desta en forma de 3 e, por último, un tipo de grafía moi semellante a ɣ⁵:




⁵ A este respecto *vid.* Sánchez-Prieto (1998: 133). García Villada (1974²: 346-7, 350-1) tamén transcribe esta variante como *z*, aínda que non a inclúe no seu cadro de grafías (328).


En canto a esta última variante, cabería a posibilidade de considerala unha variante do *s* de dobre curva; no entanto, en posición final pode apreciarse unha sorte de *continuum* que a relaciona claramente coa variante do *z* visigótico tradicional:



Estas variantes aparecen con frecuencia nos textos dun mesmo notario. A modo de exemplo, ofrecemos a continuación unha serie de imaxes tiradas dos documentos de N2, onde se documentan diferentes variantes de <z> nas formas *voz*, *fazemos* e *treze*:



Por outra banda, estas variantes gráficas alternan frecuentemente co sigma, moitas veces nos mesmos documentos. A continuación vemos algúns exemplos de alternancia na representación das formas *fazer*, *vozes* e *voz* tirados dun mesmo documento de N4:



Nas seguintes táboas ofrecemos unha lista de formas que presentan esta variación gráfica ó longo da colección⁶. Os datos recollen a frecuencia coa que se documentan as variantes para cada forma en cada período e tamén a correspondente porcentaxe da variante gráfica con sigma. Na táboa 6 (*vid. infra*) amósanse os resultados en posición medial.

A porcentaxe de aparición da variante con sigma é baixa na meirande parte dos casos (*dezenbro*, *fazer*, *razón*), sobre todo nos textos da primeira parte de século. Neste período, esta porcentaxe só acada o 50% cando se trata de formas moi pouco frecuentes (*dézimo*). Maior índice de variación dáse nos documentos posteriores, sobre todo nos de N4 (entre 1434 e 1473), onde mesmo hai unha forma (*dísemo*) que se rexistra preferentemente con sigma (no 73% das ocorrencias). Na distribución das variantes correspondentes non se

⁶ Para facilitar a exposición, na táboa represéntase cada forma mediante a variante gráfica máis frecuente na documentación.

Táboa 6. Alternancia <z> / <s> en posición medial de palabra. Frecuencia das formas en cada período e porcentaxe correspondente da variante con sigma

	1400-34		1435-73		1474-1504		TOTAL	
	Ocorr.	σ	Ocorr.	σ	Ocorr.	σ	Ocorr.	σ
<i>dezenbro</i>	4	0%	14	28,5%	4	0%	22	18%
<i>dísemo</i>	2	50%	44	73%	22	9%	68	51,5%
<i>doze</i>	1	0%	7	28,5%	2	50%	10	30%
<i>duzentos</i>			22	4,5%	3	0%	25	4%
<i>fazer</i>	19	10,5%	75	16%	106	22,5%	200	19%
<i>jazer</i>	3	0%	17	6%	4	50%	24	12,5%
<i>razón</i>			11	18%	1	0%	12	16,5%
<i>vezino</i>			2	50%	11	27%	13	31%
TOTAL	29	10%	192	29%	153	21%	374	24%

aprecia distribución cronolóxica ningunha e estas poden convivir (coma no caso de *dísemo* e *dízemo*) nun mesmo documento.

No que respecta ás grafías en posición final de palabra (táboa 7), o sigma segue a ser minoritario na documentación anterior a 1474, aínda que, como acontece en posición medial, a alternancia aumenta nos documentos de N4 (1434-1473). Nos textos deste notario ascenden as porcentaxes con sigma nas formas verbais *diz*, *fiz* e *jaz*. Na documentación do último terzo, pola súa banda, o sigma mantén o seu nivel de aparición na representación de *diz* e *jaz*, convértese nunha opción máis frecuente no caso de *voz* e na maioritaria na representación das formas *dez*, *fiz* e *paz*.

Táboa 7. Alternancia <z> / <s> en posición final de palabra. Frecuencia das formas en cada período e porcentaxe correspondente da variante con sigma

	1400-34		1435-73		1474-1504		TOTAL	
	Ocorr.	σ	Ocorr.	σ	Ocorr.	σ	Ocorr.	σ
<i>dez</i>	13	8%	35	0%	26	69%	74	25,5%
<i>diz (dizer)</i>	2	0%	16	50%	9	33%	27	41%
<i>fiz (fazer)</i>	4	0%	3	33%	27	89%	34	73,5%
<i>jaz</i>	17	12%	36	22%	21	19%	74	19%
<i>paz</i>	16	6%	46	4%	41	56%	103	25%
<i>voz</i>	56	7%	146	9,5%	46	19,5%	248	11%
TOTAL	108	7,5%	282	12%	170	47,5%	560	22%

Esta inestabilidade do grafema <z>, que presenta diversas variantes e alterna ademais co sigma, ás veces nos documentos dun mesmo notario, reflicte o proceso de achegamento do fonema predorsal sonoro ó fonema apical.

Cumpriría preguntarse aínda se a regularidade da grafía <ç> ten relación cunha maior estabilidade do fonema correspondente (orixinariamente africado predorsodental xordo). De ser así, habería que recoñecer que o proceso evolutivo de desafricación non debeu afec-

tar simultaneamente os dous membros do par de predorsodentais, senón que o fonema xordo experimentaríase, en determinadas zonas, a desafricación algo máis tarde ca o sonoro⁷.

3.3. Serie prepalatal

Na escrita reflíctese a distinción entre o fonema sonoro e o xordo. Para o fonema sonoro empréganse as grafías <g>, <i> e <j>; para o xordo, resérvase o grafema <x> (*enxertedes, enxerido, Freixo, peyxes, Seixedo, xastre*). Só nun documento de 1478 feito por N6, notario que nun texto de 1473 empregara a variante *puge*, rexistramos a forma *puxe*. Esta é a única ocorrencia (das 17 que presenta esta forma) que testemuña a alternancia entre os grafemas <x> e <g> na nosa colección e, polo tanto, o proceso de enxordecemento do fonema sonoro prepalatal⁸. Este proceso, ben que podería non estar aínda consolidado, debía estar xa en marcha.

4. A NASALIDADE VOCÁLICA

Neste capítulo centrarémonos no proceso de desnasalización nas secuencias resultantes da caída do [n] latino intervocálico. Este fenómeno levou, non só ó contacto de dúas vogais, senón tamén á nasalización da primeira delas. O proceso de desnasalización debeu comezar moi cedo e consolidouse no galego moderno a través ben da simple desaparición do trazo nasal ou ben do desenvolvemento dunha nasal implosiva (Lorenzo 1988).

Para analizar a evolución deste proceso na nosa colección cómpre primeiramente identificar o valor dos trazos sobrepostos presentes nos correspondentes documentos. Nos primeiros notarios o trazo sobre posibles vogais nasais emprégase normalmente noutros contextos con algún valor lingüístico, polo que considero que tamén sobre a vogal deben ser considerados como relevantes. Nos documentos de finais de século, pola contra, as secuencias formadas por dobre vogal e carentes de nasalidade (*aa, moordomo, poo, teega*) presentan xeralmente un trazo ondulado sobreposto, que funciona como marca diacrítica para sinalar a presenza de dúas vogais en hiato e que se diferencia claramente do trazo horizontal que indica a abreviación do <n> ou a existencia de nasalidade en formas como *hũa*. Por este

⁷ Esta descrición coincide coa que fixo no seu momento Amado Alonso a respecto do castelán. Segundo o autor, os fonemas africados casteláns, que aínda no século XV se oporían en función do trazo de sonoridade, non se volveron fricativos ó mesmo tempo: a africada xorda conservaríase durante máis tempo ca a sonora, que se volvería fricativa con anterioridade (A. Alonso 1955: 375-382). Dámaso Alonso matizou esta hipótese e adiantou a data de desonorización, afirmando que “en los siglos XIV e XV debía estar ya muy avanzada, aunque no totalmente generalizada” (D. Alonso 1962: 93).

⁸ Estes datos coinciden cos recollidos por Maia (1986: 471-472). Na súa obra menciona dous casos de confusión gráfica no ámbito das prepalatais que “embora escasos, são especialmente claros”, rexistrados en documentos ourensáns do século XV. Para Costas, estes casos serían especialmente significativos, tendo en conta que, no que respecta ós usos gráficos, “un falante que non distingue na súa fala este par é só pronunciase a xorda podía perfectamente, con base no seu coñecemento do latín que daquela tiñan as persoas instruídas, grafíar X ou Gei, J conforme á etimoloxía” (Costas 1999: 438).

motivo, cando nestes documentos o mesmo trazo aparece sobre vogais susceptibles de seren nasais (*teer*, *bees*) interpretei así mesmo que a súa presenza está motivada pola dobre vogal e que, polo tanto, carece de valor lingüístico.

Tendo en conta estas premisas, tentaremos analizar no seguinte apartado as secuencias onde se produciu a perda da consoante nasal intervocálica e dar conta da súa evolución. En primeiro lugar, centrarémonos na análise das secuencias onde a consoante nasal caeu en sílaba interior de palabra; a continuación, analizaremos os resultados das terminacións latinas, onde a caída da consoante nasal tivo lugar en sílaba final.

4.1. Secuencias con perda do [n] latino en sílaba interior de palabra

Para analizar a evolución da nasalidade vocálica neste contexto, estudaremos a representación de determinadas formas. En concreto, centrarémonos nas diferentes formas dos verbos *nomear*, *teer*, *poer* e *viir*, así coma nos substantivos *moesteiro* e *moeda*.

Aínda que é frecuente o uso da abreviatura para representar as formas *moeda* e *mosteiro*, os casos nos que estas voces aparecen plenamente desenvolvidas ofrecen datos interesantes con respecto á nasalidade. A forma *moeda* aparece desenvolvida na nosa colección un total de 36 veces e presenta dúas variantes gráficas: *mõeda* (6 ocorrencias) e *moeda* (30 ocorrencias). A variante *mõeda* rexístrase unicamente en N4 (1436), N5 (1438) e, de xeito minoritario, en N10 (1485-1487). A variante *moeda*, pola súa banda, ocorre xa en textos de N3 (1430) e N4 (1440), é claramente maioritaria nos documentos de N10 (1488-1502) e a única presente nos restantes documentos do último cuarto do século (29 ocorrencias a partir de 1485).

No que respecta a *mosteiro*, a forma represéntase xeralmente sen ningún trazo sobre a vogal (535 casos). As primeiras ocorrencias deste tipo de solucións rexístranse nos textos de N2 (1428). As solucións gráficas con trazo documéntanse só nos primeiros textos de N4 (feitos entre 1431 e 1446), en alternancia, a miúdo nun mesmo documento, con variantes que non o presentan. Na documentación deste notario obsérvase, con respecto ó uso das variantes, unha distribución claramente cronolóxica: as variantes con trazo sobre a vogal, aínda que maioritarias nos seus primeiros textos e, en xeral, no conxunto (64 ocorrencias fronte a 37), desaparecen nos seus documentos posteriores a 1446.

A presenza do trazo nasal sobre os verbos *viir* e *teer* rexístrase unicamente nos documentos dos notarios da primeira metade do século. No caso de *teer*, o emprego do til é sistemático nos documentos de N2 (*tēedes*: 1432-1435) e no documentos de N5 (*tēer*: 1438). É ademais moi frecuente nos documentos de N4 (*tēemos*: 1438; *tēedes*: 1443; *tēeremos*: 1469; *tēer*: 1470), aínda que neste caso hai alternancia (*teer*: 1431, 1446, 1453; *teemos*: 1432; *teedes*: 1460). Unha situación paralela obsérvase no tocante ó verbo *viir*. Novamente hai alternancia nos documentos de N4, onde conviven variantes con trazo sobre a vogal (*vÿyredes*) e variantes sen el (*vyyredes*). Estas últimas son as que se rexístran nos documentos de N10 e do seu escribán.

Para as formas dos verbos *nomear* e *poer*, pola súa banda, só se rexistran variantes sen trazo (*nomear*, *nomeadas*, *poer*), mesmo nos documentos da primeira metade do século.

A modo de síntese, pode concluírse que xa nos textos da primeira metade do século se documentan variantes gráficas carentes de calquera marca de nasalidade (*nomear*, *poer*, *moesteiro*), aínda que nos documentos de determinados notarios concorren adoito con variantes que presentan til (*mõeda*, no caso de N4 e N5, e *mõesteiro*, no caso de N4). A presenza destas variantes con til diminúe nos documentos redactados no último terzo do século.

4.2. Secuencias con perda do [n] latino en sílaba final

Aquí estableceremos catro subgrupos:

- Resultados das terminacións latinas -ANA(S), -ANU, -ANOS, -ENU, -ONA.
- Resultados da terminación latina -ENES.
- Resultados da terminación latina -ONES.
- Resultados das terminacións latinas -ONU, -UNA, -UNU.
- Resultados da terminación latina -INES.

En cada apartado teremos en conta unha serie de formas frecuentes na nosa colección⁹. A análise irá acompañada de táboas con datos numéricos que inclúen todas as variantes gráficas presentes nos documentos. Na elaboración da análise e das correspondentes táboas tivéronse en conta os criterios relevantes para o estudo da desnasalización, isto é: 1) presenza ou ausencia de trazo sobre a vogal, 2) representación dun hiato, 3) tipo de hiato (só nos casos onde esta distinción é pertinente), 4) aparición de trazo sobre a vogal e 5) aparición dun <n> tras a vogal¹⁰.

4.2.1. Resultados das terminacións latinas -ANA(S), -ANU, -ANOS, -ENU, -ONA

Para analizar este grupo, traballaremos coas seguintes formas: *bõa*, *canpãa*, *centẽo*, *Estéuõo*, *grãas*, *mãõ*, *sãao*, *terrẽo*, *ymãa*, *ymãao(s)*.

Nos documentos anteriores a 1474 (*vid. infra* táboa 8), estas formas aparecen maioritariamente con trazo.

As variantes sen trazo *boa*, *tarreo* e *graa*, sen trazo, aparecen xa en documentos dos anos 1429, 1430 e 1436 respectivamente. As variantes *mao* e *canpaa* son algo máis tardías: rexístranse, respectivamente, en documentos de 1453 e 1470. Este tipo de variantes sen trazo adoitan alternar nos mesmos documentos con variantes que si o presentan. A excepción é a forma gráfica *tarreo*, que é a única presente nos documentos, todos eles do ano 1430, de N2'.

⁹ Para facilitar a exposición, na táboa represéntase cada forma mediante a variante gráfica máis frecuente na documentación. Entre paréntese introdúcense as ocorrencias tendo en conta todas as variantes gráficas rexistradas.

¹⁰ Neste punto seguimos a distinción feita por Ramón Mariño no seu traballo (Mariño 2002).

Táboa 8. Ocorrencias e porcentaxes dos diferentes resultados das terminacións latinas -ANA(s), -ANU, -ANOS, -ENU, -ONA. Documentos anteriores a 1474

	Hiato con trazo		Hiato sen trazo		Vogal sen trazo	Vogal con trazo
	Ocorr.	%	Ocorr.	%		
-ANA(s)	canpãa (12)	87%	canpaa (1)	13%		
	yrmãa (1)					
	grãas (49)					
-ANU, -ANOS	mãao (26)	91,5%	mao (7)	7,5%		
	sãao (1)					
	yrmãao (1)					
-ENU	centẽo (13)	78%	centeo (4)	22%		
	terrẽo (8)		tarreo (2)			
-ONA	bõa (30)	97%	boa (1)	3%		
Total	141	86%	23	14%		

A porcentaxe de variantes sen til aumenta precisamente nas formas *centẽo* e *terrẽo*. Este dato resulta especialmente relevante se temos en conta que, contrariamente ó que acontece con *canpãa* e *mãao*, estas formas non aparecen en fórmulas notariais canónicas e son, polo tanto, máis susceptibles de reflectiren a mudanza lingüística (Mariño 2002: 92).

A partir de 1474 (táboa 9) aumentan os casos onde se omite o trazo sobre o hiato e xorden novas solucións na representación das formas estudadas.

Táboa 9. Ocorrencias e porcentaxes dos diferentes resultados das terminacións latinas -ANA(s), -ANU, -ANOS, -ENU, -ONA. Documentos posteriores a 1474

	Hiato con trazo		Hiato sen trazo		Vogal	Vogal con trazo		<n> tras a vogal	
	Ocorr.	%	Ocorr.	%		Ocorr.	%	Ocorr.	%
-ANA(s)	canpãa (22)	69%	canpaa (5)	16%		canpã (4)	8%	canpán (3)	6%
	grãas (12)		graas (3)						
-ANU, -ANOS	mãao (39)	45,5%	mao (4)	16,3%			37,7%		0,5%
	sãao (20)		jrmaos (1)						
	yrmãao (6)								
-ENU	centẽo (1)	5%	centeo (13)	95%					
			tareo (5)						
-ONA	bõa (2)	28,5%	boa (5)	71,5%					
Total	102	70%	36	24,5%		4	2,75%	4	2,75%

Ademais xorden variantes que presentan <n>, todas elas rexistradas nos textos de dous notarios dos sete que asinan a documentación durante este período: a variante *grans* só nos de N9 (1479) e a variante *canpán* nos documentos de N8 (1479) e N9 (1481). Nos documentos de N9 é onde aparecen tamén, en alternancia coa variante *canpán*, as catro ocorrencias con trazo sobre a vogal final (*canpã*).

Alén diso confírmase a tendencia apuntada no cadro anterior con respecto á representación de *centeo* e *tareo*. Neste caso as variantes sen til son agora claramente maioritarias.

En xeral, podemos falar dunha diminución no número de variantes con trazo neste período e da presenza maioritaria de variantes sen trazo para as formas *boa*, *tareo* e *centeo*.

4.2.2. Resultados da terminación latina -ENES

Temos en conta para esta análise as ocorrencias da forma *bëes* (270). Antes de 1474 unicamente rexistramos variantes con trazo sobre o hiato: *bëes* (240). A partir de 1474 comezan a aparecer nos documentos outras solucións: *bees*, *bes*, *bës* e *bens*. Na táboa 10 amósanse os resultados cronoloxicamente por notario:

	bëes	bees	bes	bës	bens
	% (Nº ocorr.)	% (Nº ocorr.)	% (Nº ocorr.)	% (Nº ocorr.)	% (Nº ocorr.)
N6 (1473, 1478)	60% (3)				40% (2)
N7 (1476-83)					100% (12)
N8 (1478-79)			44,5% (4)	55,5% (5)	
N9 (1480-81)			33,3% (3)	66,7% (6)	
N10 (1484-1504)	95,5% (21)	4,5% (1)			
N10' (1484-1504)	100% (34)				
N11 (1483-94)	100% (12)				
N12 (1498)	100% (4)				
Total	69% (74)	1% (1)	6,5% (7)	10,25% (11)	13,25% (14)

As formas gráficas con trazo seguen a ser maioritarias, pero entre 1474 e 1483 rexístranse variantes que presentan <n> tras a vogal nos textos de dous notarios (N6 e N7), nos dun deles (N7) de xeito exclusivo. Nos documentos inmediatamente posteriores, asinados polos notarios N8 e N9, rexístranse unicamente variantes que presentan unha vogal, pero hai alternancia (nun mesmo documento) no que respecta ó uso do trazo.

4.2.3. Resultados da terminación latina -ONES

Nesta análise consideraremos as seguintes formas: *capdões*, *condições* ~ *condiçdões*, *xepçdões*, *protestaçdões* e *regldões*. Ademais faremos unha distinción entre as variantes que

representan o hiato de vogais heterorgánicas e as variantes que reflicten a asimilación das vogais e a formación dun hiato homorgánico. Os resultados da análise, cronoloxicamente e por notarios, amósanse nas táboas 11 e 12.

Como acontecía con respecto ó primeiro subgrupo (*vid. supra* táboa 8), antes de 1474 as variantes con trazo sobre a vogal son as claramente maioritarias. Dentro destas, predominan as que presentan un hiato de vogais homorgánicas. A distribución das distintas variantes por notarios amósase na táboa 11:

<i>Táboa 11. Ocorrencias e porcentaxe dos resultados da terminación latina -ONES nos documentos anteriores a 1474 distribuídos por notarios</i>					
	hiato heterorgánico con trazo	hiato homorgánico con trazo	hiato heterorgánico sen trazo	hiato homorgánico sen trazo	vogal única con trazo
N2 (1417, 1436)	condições (1)	capõos (1) condiçõos (23)			
N2' (1430)	condições (1)	condiçõos (1)		condiçoos (3)	
N3 (1430)			condiçoos (1)		
N4 (1434-74)	exepções (1) capões (1) replões (1)	capõos (9) condiçõos (73)		condiçoos (2)	condiçõos (4)
Porcentaxe total	4%	86%	1%	4%	4%

Na táboa podemos ver que as distintas solucións conviven nos documentos dun mesmo notario, como no caso de *condições* e *condiçõos* nos documentos de N2 e mais nos do seu escribán, así como *capões* e *capõos* nos textos de N4. Pola súa banda, a variante sen trazo *condiçoos* está presente así mesmo nos documentos de N2' e N4, convivindo coas anteriores.

É importante sinalar ademais que todas as ocorrencias da variante *condiçõs* se rexistran en tres documentos de N4 feitos entre os anos 1437 e 1438.

Pola súa banda, nos documentos posteriores a 1474 aprécianse algunhas diferenzas no que respecta á representación das formas. Por unha banda, non se rexistran xa variantes con hiato de vogais heterorgánicas con trazo. Ademais diminúen visiblemente os casos con trazo sobre a vogal. Por último, documéntase unha variante que presenta <n> final. Os resultados, cronoloxicamente e por notarios, poden verse na táboa 12.

4.2.4. Resultados das terminacións latinas -ONU, -UNA, -UNU

Teremos en contas as formas *bõo* (176) e *consũu* (37) e *hũa*.

Unha vez máis (*vid. supra* táboas 8 e 11), nos documentos anteriores a 1474 os casos sen trazo sobre a vogal son excepcionais. A situación reflíctese na táboa 13.

O único caso de *boo* alterna con *bõo* nun mesmo documento de 1436. Por outra banda, destaca a aparición das variantes *bon* (2) e *boon* (1). A primeira delas rexístrase nun mesmo documento de N1, datado xa en 1407, mentres que segunda pertence a un documento de N4

Táboa 12. Ocorrencias e porcentaxes dos resultados da terminación latina -ONES nos documentos posteriores a 1474 distribuídos por notarios

	hiato homorg. con trazo	hiato heterog. sen trazo	hiato homorg. sen trazo	vogal única sen trazo	vogal única con trazo	<n> tras a vogal
N6 (1473, 1478)	condiçōos (1)		condiçōos (3)			
N7 (1476-83)	capōos (1) condiçōos (2)	condiçōes (4)	capoos (1)			rreglōns (1)
N8 (1478-79)				capōs (1) condiçōs (14)		
N9 (1480-81)				condiçōs (2)	condiçōs (3)	
N10 (1484-1504)	capōos (1) condiçōos (18)					
N10' (1484-1504)	capōos (2) condiçōos (19)		condiçōos (2)			
N11 (1483-94)	condiçōos (7)					
N12 (1498)	condiçōos (2)					
Porcentaxe total	63%	5%	7%	20%	4%	1%

Táboa 13. Ocorrencias e porcentaxes dos diferentes resultados das terminacións latinas -ONU e -UNU. Documentos anteriores a 1474

	Hiato con trazo	Hiato sen trazo	Vogal	Vogal con trazo	<n> tras a vogal
-ONU (103)	bōo 96%	boo 1%			bon 3%
-UNA (279)	hũa 99,5%	húa 0,5%			
-UNU (32)	consũu 100%				
Total (414)	99%	0,5%			0,5%

do ano 1437. En todos estes casos podería tratarse da forma apocopada do adxectivo, posto que ocorre anteposta ó substantivo (“de bon paramento”), aínda que é neste contexto onde se produce a alternancia ó longo da documentación.

A partir de 1474 (*vid. infra* táboa 14), aumenta a alternancia entre as variantes con trazo e as variantes sen el. Tamén aumenta o número de variantes que presentan un <n> final.

Por unha banda, a porcentaxe de aparición da forma *hũa* mantense nos documentos do último terzo. Non así para as variantes *bōo* (que agora se corresponde con algo menos do 74% dos casos fronte ó 96% do período anterior) e *consũu*, que desaparece.

Se observamos os resultados de BONU por notarios (*vid. infra* táboa 15), vemos que as diferentes variantes conviven nos documentos dos mesmos autores.

A variante *bōo* está presente nos documentos de todos os notarios agás N6. Nalgúns destes textos (concretamente nos de N8, N9 e N11) aparece de xeito esporádico a variante *boo*, en dúas ocasións convivindo con aquela no mesmo documento. A variante sen trazo é

<i>Táboa 14. Ocorrencias e porcentaxes dos diferentes resultados para as terminacións latinas -ONU e -UNU. Documentos posteriores a 1474</i>					
	Hiato con trazo	Hiato sen trazo	Vogal sen trazo	Vogal con trazo	<n> tras a vogal
-ONU (80)	bõo 73,7%	boo 18,7%	bo 1,3%	bõ 1,3%	bon 5%
-UNA (92)	hũa 99%	húa 1%			
-UNU (5)				cunsũ 60%	consón 40%
Total (177)	84,7%	9%	0,5%	2,3%	3,5%

<i>Táboa 15. Distribución por notarios dos resultados da forma latina BONU nos documentos posteriores a 1474</i>					
	bõo	boo	bo	bõ	bon
	% (Nº ocorr.)	% (Nº ocorr.)	% (Nº ocorr.)	% (Nº ocorr.)	% (Nº ocorr.)
N6 (1473, 1478)		100% (4)			
N7 (1476-83)	18,3% (2)	63,7% (7)	9% (1)	9% (1)	
N8 (1478-79)	66,7% (6)	22,3% (2)			11% (1)
N9 (1480-81)	63,7% (7)	9% (1)			27,3% (3)
N10 (1484-1504)	100 % (14)				
N10' (1484-1504)	100 % (22)				
N11 (1483-94)	85,7% (6)	14,3% (1)			
N12 (1498)	100 % (2)				
Total	73,7% (59)	18,7% (15)	1,3% (1)	1,3% (1)	5% (4)

a única presente nos documentos de N6 e ademais a maioritaria nos de N7. Nos textos deste último notario, ademais da maioritaria *boo* e das dúas ocorrencias de *bõo*, atopamos de forma esporádica as variantes *bõ* e *bo* (en documentos de 1476 e 1477 respectivamente).

En tres documentos de N8 e N9 (entre 1478 e 1481) rexístrase, xunto con *bõo*, a variante con <n> tras a vogal. As dúas variantes aparecen exactamente nos mesmo contextos:

que labredes, moredes, rreparedes todo, como se *non* perga por míngo de *bõo* paramento, e *que* dedes así uós como vosa muller e voces a quarta de pan e de tódoslos granos que Deus ende der *emo* dito lugar e vn *bon* cabrito (N8).
dous canados de *bõo* viño, sen ágoa, ó espeto da cuba por ollo de noso mordomo, ao qual daredes de comer e veber sen malicia; e máys daredes vn *bon* touciño de porco macho (N9).

O alto índice de aparición de *hũa* habería que poñelo en relación co maior índice de frecuencia da forma: as palabras máis frecuentes tenden a presentar unha grafía máis conservadora, posto que están máis suxeitas a unha determinada tradición gráfica fixada na documentación (Mariño 2002: 87).

4.2.5. Resultados da terminación latina -INES

Nos nosos textos, contamos con diferentes solucións para HOMINES: *ómēes* (resultado etimolóxico) e *omes*. Esta última variante é a única que se rexistra nos documentos de N2 (1431, 1435), mentres que as dúas alternan nos textos de N4, onde se observa unha distribución condicionada cronoloxicamente: a variante *ómēes* (2 ocorrencias) é a variante empregada polo notario ata 1448, mentres que *omes* (3 ocorrencias) se rexistra unicamente nos documentos finais.

4.3. Recapitulación

A modo de recapitulación, sinalamos que xa nos documentos da primeira metade do século hai exemplos de grafías sen trazo, sobre todo para formas nas que a vogal é átona (*teer, nomear, poer*), pero non só (*boa, tarreo, graa*). Antes de 1474, con todo, as solucións gráficas que non presentan trazo, que non reflicten o ditongo ou que indican o desenvolvemento dunha nasal implosiva son moi excepcionais. A variante *condiçós*, por exemplo, documéntase 4 veces (menos do 4% do total de ocorrencias que presenta a forma neste período) e sempre nos textos dun mesmo notario (N4). A variante *bon*, pola súa banda, só se documenta en dúas ocasións nun mesmo texto de N1 e, ademais, podería corresponderse coa forma apocopada do adxectivo.

A partir de 1474 variantes como *bēes*, *bōo* ou *hūas* seguen a ter unha vixencia importante, posiblemente porque, ó correspondérense con voces moi frecuentes na documentación, tende a fixarse unha grafía conservadora. Con todo, durante este período as porcentaxes de ocorrencias sen trazo sobre o hiato aumentan e ademais comezan a rexistrarse variantes que reflicten a crase ou o desenvolvemento dunha nasal implosiva. Estas variantes representan nalgúns casos, como o de *condiçós* ou *canpã*, máis do 20% no total de ocorrencias da forma correspondente.

No que respecta ás solucións con crase, é importante sinalar que alternan nos mesmos documentos as variantes gráficas con trazo e as variantes gráficas sen el (*bēs ~ bes*, *condiçōs ~ condiçós*, *bō ~ bo*), sen que sexa posible establecer pautas de distribución no seu uso.

Por último, a aparición de variantes con <ns>, tanto para os resultados de BENES (vid. 4.2.2.) coma para a terminación -ONES (vid. 4.2.3.), apoia a hipótese (Mariño 2002: 103) de que o grupo de consoante nasal + [s] en posición final debeu ter no pasado unha maior extensión xeográfica ca a que presenta na actualidade.

5. MANTEMENTO DOS GRUPOS [KWA] / [GWA] EN POSICIÓN TÓNICA

A secuencia latina [kwa] e mais a secuencia [gwa], presente en voces de orixe xermánica, presentan en posición tónica dúas solucións no galego, distribuídas xeograficamente: nas zonas do galego oriental, a meirande parte de Ourense e o Baixo Miño pontevedrés (Fernán-

dez Rei 1991: 50) mantívose o elemento semiconsonántico (*cuatro, guardar*), mentres que nas restantes zonas se perdeu (*catro, gardar*). A nosa documentación, en concreto, pertence á zona de transición destes dous resultados, mais cal é a situación que se reflicte nos textos?

5.1. Resultados do grupo latino [kwa] en posición tónica

Os resultados desta secuencia están sistematicamente representados pola grafía <qua> (*qual, quando, quantos*). Na meirande parte da documentación, ademais, esta grafía é empregada exclusivamente nestas situacións e, polo tanto, en case todos os grupos de documentos prodúcese unha distribución complementaria das grafías <qua> e <ca>.

No entanto, en varios documentos de N7 (1482 e 1483) rexístranse formas gráficas do tipo <q^ada>, <q^arta> ou <q^asa> (para *cada, carta* ou *casa* respectivamente). A grafía <q^ada> aparece ademais de xeito sistemático nun documento de N8 datado en 1479.

Con todo, non cremos que estes casos abonden para defender a equivalencia das grafías <qua> e <ca> e, polo tanto, unha vinculación fonética entre voces como *cada* e *quanto*. Por unha banda, as excepcións mencionadas aparecen nun número moi reducido de documentos, mentres que nos restantes mantense unha clara diferenciación gráfica. Pola outra, en todos os casos trátase dun intento por facer unha abreviatura e, de feito, nestes mesmos documentos as formas correspondentes, cando aparecen plenamente desenvolvidas, presentan a grafía <ca> (*cada, carta, casa*), nunca <qua>.

5.2. Resultados do grupo [gwa] en posición tónica

Con respecto á evolución da secuencia [gwa] nesta posición hai alternancia entre os notarios. As formas *agardar, gardar* e *gaanar* rexístranse como formas únicas só nos textos de dous notarios: N3 (*agarden, agardamos, agardar*) e N6 (*gardar*). Nos documentos de N9 rexístrase nunha ocasión *gardando* (1480) en alternancia coas formas *guardar* (*garde, aguardante*), as únicas rexistradas nos demais textos do notario, tamén no ano 1480.

Nos restantes grupos de manuscritos estas voces presentan sistematicamente a grafía <gua> (N4, N8, N10, N11) ou <goa> (N7, N10, N11). A grafía <gua>, pola súa banda, tendo en conta a) o seu emprego sistemático nos textos de varios notarios para a representación dos resultados de [gwa], b) a oposición que establece fronte á grafía <ga> (*lugar, pagar*)¹¹ e c) a súa alternancia coa grafía <goa>, debe ser considerada así mesmo como testemuña, nos casos correspondentes, do mantemento do elemento semiconsonántico.

¹¹ Só nunha ocasión aparece a grafía <gua> co valor inequívoco de [ga] (*paguada*: 1487). Neste mesmo texto, no entanto, rexístrase sistematicamente a grafía <goa> (*agoardar, agoardante*) para representar os resultados da secuencia [gwa].

6. CONCLUSIÓNS

En primeiro lugar, apréciase homoxeneidade nos usos gráficos dos diferentes notarios. A ambivalencia de determinadas grafías, así como as transferencias e cruzamentos de valores entre elas, obsérvase nos documentos de todos os notarios, polo que é posible afirmar que estes usos gráficos responden a unha norma, ben que se trate dunha norma flexible nalgúns puntos.

No plano fonético atopamos fenómenos que permiten caracterizar conxuntamente esta colección. Resulta notorio, por exemplo, o mantemento do grupo latino [kwa] en posición tónica (*qual, quanto vs. casa, cada*), así coma o mantemento do wau na secuencia [gua] presente en palabras de orixe xermánica (*guardar vs. gaanar*).

Ademais obsérvase ó longo de toda a colección a alternancia, nos mesmos textos, no emprego do til de nasalidade. As formas gráficas carentes de calquera tipo de marca ou til rexístranse xa nos primeiros documentos e o seu número aumenta ó longo da colección.

No que respecta concretamente ós resultados da perda do N intervocálico, pódese concluír que xa nos textos da primeira metade do século se documentan formas gráficas carentes de calquera marca (*contiúdo, nomear, poer, moesteiro*), aínda que con frecuencia concorren con formas que presentan til (*mōeda, mōesteiro*). A presenza destas variantes con trazo, iso si, tende a diminuír nos documentos redactados no último terzo do século. De feito, os notarios que comezan o seu labor por esta época (en concreto, N6 ou N7) tenden a sinalar o trazo nasal unicamente de xeito esporádico.

Ademais, contra a década dos 80, xorden as solucións gráficas con <n> final para palabras como *canpán* e *consón*. Para o adxectivo *bo* documéntanse grafías con <n> moito antes, pero é moi posible que haxa que atribuírle a aparición destas variantes á apócope do adxectivo.

A evolución fonética determina a existencia de diferentes solucións para as formas de plural latinas rematadas en -ENES ou -ONES. Documéntanse, por unha banda, plurais con mantemento do hiato tras a caída da consoante nasal intervocálica (*contiçoos, capoes*), plurais que presentan asimilación da vogal átona (*condiçoos, capoos, quartilloos*) e mesmo formas que reflicten a crase vocálica (*condiçós, capós*). Ademais, rexístranse casos que amosan o desenvolvemento da nasalidade en forma dunha consoante nasal implosiva (*bens, condiçóns*). Estas solucións conviven normalmente nos documentos dun mesmo notario.

Un dos fenómenos máis complexos nestes e noutros textos é, sen dúbida, o das sibilantes. Na nosa colección, en concreto, maniféstase claramente a falta de oposición entre as grafías <ss> e <s>. En primeiro lugar, a grafía <ss> está presente nun número moi reducido de documentos. En segundo lugar, cando esta grafía efectivamente aparece, alterna con <s> na representación das mesmas palabras (*vosso / voso, pessoa / pesoa*) e nun mesmo texto. En terceiro lugar, o uso de <ss> non resulta sempre etimolóxico (*cassares, coussas*). Estes casos están a indicar, sen dúbida, a perda da oposición fonolóxica entre o par de apicoalveolares.

No que respecta ó par de predorsodontais, a análise das grafías non resulta tan esclarecedora. En primeiro lugar, é posible falar dunha distribución complementaria das grafías

<ç> e <z>. A variación gráfica consiste, en cambio, na introdución da grafía <s> ou de novas variantes moi achegadas a ela nos contextos onde primitivamente había unha consoante predorsodental sonora en interior de palabra (*fazer*) ou xorda ó final (*voz*). Esta variación ten que ser posta en relación co proceso de desonorización e desafricación da predorsodental sonora. Nos contextos que se corresponden etimoloxicamente cunha afrizada predorsodental xorda, no entanto, non se rexistra ningún tipo de variación. Se a regularidade da grafía <ç> ten efectivamente relación cunha maior estabilidade do fonema correspondente, isto é, o fonema afrizado predorsodental xordo, teríamos que asumir que o proceso evolutivo de desafricación non debeu afectar simultaneamente ós dous membros do par de predorsodentais.

No que respecta ás prepalatais, só nun caso rexistramos a confusión entre as unidades gráficas correspondentes: trátase da aparición, unha soa vez, da variante *puxe* en alternancia con *puxe* ~ *puge*. Este é o único caso na nosa documentación que reflicte o achegamento entre o par de fricativas prepalatais e o conseqüente proceso desfonoloxizador.

O que si parece claro é que a descrición realizada para os documentos de Ribas de Sil non sempre se pode aplicar a outras coleccións documentais da época (Lorenzo 1993: 18-26; Maia 1986: 458; Maure 2006: 261, 351). Isto podería apuntar a unha forte variación dialectal no desenvolvemento das sibilantes, pero é imposible tirar conclusións definitivas sen antes realizar unha análise detallada dos manuscritos medievais feitos en diferentes zonas da xeografía galega.

Esperamos que esta análise conseguise amosar ata que punto o estudo de pequenas coleccións documentais limitadas no tempo e no espazo pode contribuír, coa achega de novos datos, a reforzar as investigacións xa elaboradas sobre o desenvolvemento do sistema fonético e fonolóxico.

BIBLIOGRAFÍA

- Alonso, A. (1955): *De la pronuncia medieval a la moderna en español* / 1. Madrid: Gredos.
- Alonso, D. (1962): *La fragmentación fonética peninsular*. Supl. *ELH* 1. Madrid.
- Boullón Agrelo, A. I. / Monteagudo, H. (2009): *De verbo a verbo. Documentos en galego anteriores a 1260. Verba. Anexo 65*. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da USC.
- Costas González, H. (1999): “Ás voltas co enxordecemento das sibilantes sonoras no galego medieval”, en C. Lopes e A. C. M. Martins (eds.): *Actas do XIV Encontro Nacional da Associação Portuguesa de Linguística*, vol. 1, pp. 433-445.
- Fernández Rei, F. (1991): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais.
- García Villada, Z. (1974): *Paleografía española*. Barcelona: Ed. El Albir.
- Lorenzo, R. (1988): “Consideracións sobre as vocais nasais e o ditongo -ão en portugués”, en D. Kremer [ed.]: *Homenagem a Joseph Piel por ocasião do seu 85º aniversário*. Tübingen: Niemeyer, pp. 289-326.
- Lorenzo, R. (1993): “Algunhas consideracións sobre a evolución do consonantismo do galego medieval ó moderno”, en J. Kabatek e A. Schönberger [ed.]: *Sprache, Literatur und Kultur Galiciens*.

- Acten des 2. gemeinsamen Kolloquiums der deutschsprachigen Lusitanistik und Katalanistik; Lusitanistischer Teil.* Frankfurt am Main: TFH/Domus Editora Europäe, pp. 13-26.
- Maia, C. de Azevedo (1986): *História do galego-português. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o século XIII ao século XVI (Com referência à situação do galego moderno).* Coimbra: Fundação Calouste Gulbekian/Junta Nacional de Investigação Científica e Tecnológica.
- Mariño Paz, R. (2002): “A desnasalización vocálica no galego medieval”, *Verba* 29, pp. 71-118.
- Maure Rivas, X. (2006): *Para unha escriptoloxía do Galego. Edición e estudo escriptolóxico do Tombo do Hospital dos Pobres de Tui (1436-1490).* A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Sánchez-Prieto Borja, P. (1998): *Cómo editar los textos medievales. Criterios para su presentación gráfica.* Madrid: Arco Libros.

APÉNDICE

Táboa 1: Valores fonolóxico dos diferentes grafos¹

Grafo	Valores	Exemplos
a	/a/	<i>avemos, carta</i>
b	/b/ (resultado da confluencia dos fonemas bilabiais /b/ e /β/)	<i>bozes, saber, aber</i>
c	/k/ ante <i>a, o, u</i>	<i>casa, condición, custume</i>
	fonema predorsodental africado xordo /ts/ ante <i>e, i</i>	<i>quatrocetos, cinco</i>
	moi raramente ² : fonema predorsodental africado xordo /ts/ ante <i>a e o</i>	<i>fervenca, preco</i>
ç	fonema predorsodental africado xordo /ts/	<i>graça, Garçia</i>
	moi raramente ² : /k/	<i>merça</i>
ch	/tʃ/	<i>chamados, macho</i>
d	/d/	<i>Deus, cada</i>
e	/e/ /ɛ/	<i>fazer, senpre</i>
f	/f/	<i>fazer, Fernando</i>
g	/g/ ante <i>a, o, u</i>	<i>teega, Gonçaluo, segundo</i>
	/ʒ/ ante <i>e, i</i>	<i>genro, tangida</i>
	/g/ ante <i>e, i</i>	<i>page, Agiar</i>
gu	/g/ ante <i>e, i</i>	<i>paguen, Rrodríguez</i>
	moi raramente ² : /g/ ante <i>a</i>	<i>paguada</i>
h	Ø	<i>herdade, hun</i>
i	/i/, na súa realización tanto vocálica [i] coma semivocálica [j]	<i>conprir, obispo</i>
	/ʒ/	<i>rrei, terceira</i> <i>lohán, igleia</i>
j	/ʒ/	<i>jamays, aĵuntar</i>
	/i/ (en posición inicial)	<i>jgleia</i>
l	/l/	<i>lebantar, vila</i>
	/lʲ ³ /	<i>fylas, velos</i>
ll	/ʎ/	<i>colleyto, vellos</i>
	/l/	<i>dellas, mill</i>
m	/m/	<i>mosteyro, Rroma</i>
n	/n/	<i>ano, natural</i>
	/ɲ/	<i>senor, vina</i>
ñ	/ɲ/	<i>señor, viña</i>
o	/o/ /ɔ/	<i>todas, logo</i>

¹ Empregamos o termo *grafo* segundo a definición de Hammarström (Maure 2006: 152): tipema ou combinación de tipemas que designan un fonema.

² Menos do 1% das ocorrencias rexistradas desta combinación.

³ Só nos documentos de N6.

Grafo	Valores	Exemplos
p	/p/	<i>pagar, anparar</i>
qu	/k/ ante e, i	<i>fique, quiser</i>
	/k/ ante o ⁴	<i>çinquo</i>
q	moi raramente ³ /k/ ante u	<i>oqupado</i>
r	/r/	<i>castineyro, Áluario</i>
	/r/ en posición inicial	<i>razões, recabdar</i>
rr	/r/	<i>correr, rriba</i>
	moi raramente ² /r/	<i>derreytos</i>
R	/r/	<i>Rev, MaRocos</i>
s	fonema apicoalveolar fricativo xordo /s/ (resultado da confluencia dos primitivos fonemas /s/ e /z/)	<i>saber, montes, noso casas</i>
	fonema predorsodental fricativo sonoro /z/ ou xa xordo /s/	<i>voses, faser</i>
	fonema predorsodental fricativo xordo /s/ en posición final	<i>Rrodrigues, jas</i>
ss	apicoalveolar fricativo xordo /s/ (resultado da confluencia dos primitivos fonemas /s/ e /z/)	<i>nosso, pessoa, ssen pressente</i>
t	/t/	<i>teega, conuento</i>
u	/u/, na súa realización tanto vocálica [u] coma semivocálica [w]	<i>costume, muller cousas, caustral</i>
	/b/ (resultado da confluencia dos fonemas bilabiais /b/ e /β/)	<i>sauer, lauredes, uoz</i>
v	/b/ (resultado da confluencia dos fonemas bilabiais /b/ e /β/)	<i>voa, convén</i>
	/w/	<i>vso, vbas</i>
x	/ʃ/	<i>abayxo, trouxo</i>
	nunha ocasión ² : /z/ (probablemente en proceso de desfonoloxización)	<i>puxe</i>
y	/j/	<i>rrey, dereytura</i>
	/i/	<i>asý, outrosý</i>
z	predorsodental fricativo sonoro /z/ ou xa xordo /s/	<i>fazer, rrazón</i>
	predorsodental fricativo xordo /s/ en posición final	<i>voz, jaz</i>

⁴ A secuencia só aparece con este valor dúas veces plenamente desenvolvida. Trátase, en ambos os dous casos, da forma *çinquo*.

Táboa 2: Resultados das terminacións latinas con -N- na sílaba final

	-ANA	-ANAS	-ANU	-ENES	-ONES	-ENU	-ONA	-ONU	-UNU	-INE	-INES
N1 (1407)	-ãa (-aa)	-ãas	-ão (-ao)	bēes	-	-	-õa	-om	-ñu	-	-
N2 (1417, 1436)				-	-õos (-ões)		-õa/-oa	-õo			omes
N2' (1430)		-			-õos/-õos/-oos	-eo		-õo (-oo)			-
N3 (1430)					-oos	-	-	-õo		ordēc	
N4 (1434-74)		-ãas/-aas			-õos (-õns)	-ẽo / -eo	-õa (-oa)	-õo (-oo)		ordēc (-cc. -cm)	omēes / omes
N5 (1438)	-		-		-	-	-	-	-	-	-
N6 (1473, 1478)	-aa	-ãas	-ão (-ao)	bēes / beens	-õos (-oos)		-	-oo	-ñn		
N7 (1476-83)		-ãas/-ãas	-ão	bens	-oos (-oos, -õos)	-eo	-oa	-oo (-om)	-ñu (-uu)		
N8 (1478-79)	-ãn	-ãas?	-ãon	bes	-õs	-		-õo (-oo, -om)	-ñn		
N9 (1480-81)		-	-ãou			-		-õo (-om)		orden	
N10 (1484-1504)	-ãa?	-ãas?	-ãao?	bces?	-õos?	-eo	-oa	-õo?	-ñu?		
N10' (1484-1504)						-	-				
N11 (1485-94)		-				-		-õo (-oo)?		ordēc?	
N12 (1498)	-		-	bēes	-õs	-		-	-	-	-